



NOTA DE PRENSA 24 de agosto 2022

Comezaron os controis de maduración para a vendima 2022 na D.O. Ribeira Sacra

Este martes, 23 de agosto, iniciáronse os controis de maduración na D.O. Ribeira Sacra. Técnicas do Consello Regulador realizan estes controis en parcelas representativas das cinco subzonas da D.O. (Amandi, Chantada, Ribeiras do Sil, Ribeiras do Miño e Quiroga-Bibeí) e con todas as variedades de uva acollidas á mesma.

Estes controis serven para determinar o estado da uva e axudan a establecer a **data oficial que recomenda o Consello Regulador para o inicio de vendima**, sen perxuízo de que algunha adega poida comezar a recollida de uva con anterioridade se as súas uvas teñen as condicións adecuadas.

O ano pasado o pleno do Consello Regulador fixaba como data de inicio da vendima, o 15 de setembro, aínda que na última fin de semana de agosto algunhas adegas comezaban coa recollida de Godello, a vendima prolongaríase ata o 20 de outubro.

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265
Comunicación: Marta 698 167 991
Email: comunicacion@ribeirasacra.org